

## Carmen Villar: "Na poesía o fermoso é o misterio; no xornalismo, a claridade"

A estrea de Carmen Villar Alonso, o poemario *Os mil e un días*, é unha das sensacións editoriais en Galicia do último ano, con notables vendas e un formato innovador, que actualiza a lírica incorporándoa ao ritmo, á concisión e ao peso da imaxe propio das redes sociais. Nesta entrevista, a autora desmente as acusacións de bucolismo, reflexiona sobre a relación entre o xornalismo e a creación literaria e, entre outros temas, recomendanos dous libros para fuxir da morriña do outono.

[Manuel Vilas López](#) 10 de Setembro de 2024

<https://gal.galiciapress.es/artigo/cultura/2024-09-10/4991432-patricia-espello-anuncia-novas-datas-galicia-coa-sua-comedia-da-boa>

**Os seus poemas desprenden unha visión claramente positiva do rural. A aldea identifícase coa infancia, cando, de adultos, pensamos que todo era máis simple. De verdade o era? Cando menos, a súa debeu selo ...**

Dixo Rilke mellor ca min que "a verdadeira patria é a infancia", aínda que eu matizaría que iso acontece cando che permiten vivila como tal. Por desgracia, moitos nenos están sometidos ao mesmo sufrimento ca os maiores. Non foi ese o meu caso: tiven unha inmensa fortuna porque os meus avós maternos, que me criaron, foron o meu escudo, as miñas mans, os meus anxos da garda, e aforraron para min cantos males puideron. Dese xeito, non só puideron ser bioloxicamente meniña, senón exercer como tal, despreocupadamente. Coido que os nenos que se poden permitir o luxo de selo posúen a virtude do presente. Son quen de seren e de estaren sen matices nin trampas. Ese presente incluía, no paraíso onde medrei, sumerxirse na beleza da natureza e no amor dos avós, aos que lles adiquei o libro como coguionistas deses meus días. Así que si, de verdade era todo máis simple e pleno.

**Pode que esta visión proveña da súa experiencia persoal; pero non lle parece tamén que hai quen a pode acusar de caer no tópico do bucolismo?**

Penso que si, que se me podería acusar diso, aínda que me defendería. As persoas que me lean e coñezan ese mundo para poderen opinar, quizabes tiveron experiencias diferentes do rural. Se cadra, mesmo teñen parte de razón porque a nosa memoria, a miña tampouco, non é unha cámara de vídeo que rexistre os acontecementos tal e cal pasaron, senón unha tradutora que converte as vivencias en lembranzas despois de filtralas a través dos sentimentos e de todas as experiencias que viñeron despois. Así e todo, coido que eses mesmos sentimentos son os que infiltran os poemas e sobre os sentimentos non é posíbel discrepar, só compartilos ou non. O

que si vin nas presentacións, e atesouro con agarimo, foron persoas emocionadas porque tamén foran criadas polos seus avós e que comprendían ese dobre vencello, con quen nos ama e coa terra. Certo que para nós esa terra era un patio de recreo sen valados e, en troques, para os adultos, supuña traballo, esforzo, mesmo pena, cando os cultivos non saían adiante ou unha enchente do río arrastraba canda ela unha leira. A infancia é un luxo que os adultos xa non se podían permitir e a miña creación está condicionada por vivir nese mundo, xa en tránsito de desaparición daquela.

***Os mil e un días é un espello da súa presenza en redes sociais, nas que a cotío, ás veces a diario, publica unha imaxe acompañada dun poema. ¿Cómo xorde esa relación entre imaxe e lírica? Por exemplo, as imaxes, son fotografías que tomou ese mesmo día e ao revisalas prende a inspiración do texto? Ou, sucede ao revés, ten un texto na mente e busca unha imaxe no seu arquivo?***

Primeiro de nada, aclarar que o proxecto consiste nun fotopoema ao día. Se me retraso por calquera razón, recupero o ritmo axiña. De feito, neste momento xa non son mil e un días, senón bastantes máis ca dous mil dous. Non sigo unha regra fixa á hora de compor os fotopoemas. Son froito dun pulso constante, unha interacción non calibrada: ás veces unha imaxe turra por min para que escaravelle nela coa palabra e outras teño as palabras e son elas as que piden un espello que as reflicte, que as deforme, que as discuta ou que poidan atravesar. En ambos os dous casos, a xénese previa é a mesma. Xa teño mencionado que Suso de Toro di que fago "poesía ventureira, apañada nas beiras dos camiños" e coido que sintetiza ben a filosofía da miña escrita. Vou apañando os versos no que topo dentro e fóra de min e hai unha síntese entre esas dúas forzas que varía en función das circunstancias e que supón tamén unha maneira de me reconciliar con dous amores: a imaxe, pola que desenvolvín o pracer e o gusto a través da fotografía e do debuxo, e a palabra.

***Por certo, vostede publica tanto en Twitter como en Instagram. Hai algunha diferenza á hora da interacción coa audiencia? Cal, no seu caso, prefire?***

Instagram concibina coma unha conta espello de Twitter. Paréceme que ambas operan dun xeito oposto: o que é agora X prima a palabra, a conversa, e penso que o que máis pesa é o texto, aínda que estea limitado, ou xustamente por iso. En Instagram o pouso déixao primeiro a imaxe, é unha rede máis visual, e iso determina tamén as relacións e interaccións que se establecen. Se cadra, percibo unha maior cercanía en X, onde é máis habitual atopar comentarios, pero coido que ambas as dúas redes se complementan, coma a imaxe e a palabra, e que cada unha ten un sentido distinto.

***Publicar poesía na Internet permite unha interacción que evidentemente non existía no formato tradicional. Algún comentario dalgún lector vía redes do que se sinta especialmente orgulloso?***

As distancias extinguíronse. Nas redes prodúcese un cara a cara continuo, outra cousa é o nivel de accesibilidade que permitamos, é dicir, que respostemos, que falemos con quen nos fala... Levo moito nas redes e mesmo fixen amigos e, nese sentido, eu si noto esa acercamento e esa naturalidade. E si, xente que era lectora habitual do meu proxecto en internet e que mercou o libro respondeu con entusiasmo e agarimo e houbo quen dedicou chíos a falar do volume, sempre con xenerosidade. En particular, porque o xulguei moi divertido, un rapaz da Coruña, Ricardo, amosouse cun exemplar e animou aos seareiros da súa conta a imitalo canto antes, non fosen quedar sen eles.

**Chegado o momento vostede decide, con máis de 40 anos, dar o salto e expoñerse ao público publicando un poemario que, por veces, é moi íntimo. Por que agora? Por timidez non sería, pois leva décadas sometida a escrutinio dos lectores nas páxinas de información e opinión de *Faro de Vigo*...**

Hai anos dixéranme de publicar, con outro proxecto diferente, pero non me decidira. Porén, nesas redes das que falabamos, a xente ao longo do tempo preguntábame se tiña algo publicado, querían ler máis, desexaban saber onde podía conseguir un libro meu... Sempre respondía que talvez algún día tocaría. E tocou: decidín dar o salto da virtualidade ao papel. Aínda que levo moitos anos publicando en internet, coido que coa literatura acontece o mesmo fenómeno ca coa arte que non chega aos museos: precisa aínda materializarse nun obxecto tanxíbel para optar a ser canónica. Crear nas redes sociais, malia a constancia, é, como digo nun dos meus versos, e xa teño comentado, escribir sobre a neve e saber que o sol derretirá as nosas palabras. Fun afortunada: atopei a Xerais, onde trataron con moito agarimo o material.

**Emprega a poesía, dalgún xeito, como terapia ou vía de escape para a superficialidade que, necesariamente, implica o traballo de producir información todos os días correndo?**

Comentáballe a un compañeiro seu, noso, que me preguntaba por algo parecido, dicíndolle que a poesía me vén de serie, mentres que o xornalismo é un comportamento adquirido. En principio, semellan teren pouco en común máis aló das palabras, pero en ambos os dous mundos hai que mirar e contar. No xornalismo, o percorrido da escrita vai por fóra e, na poesía, ao revés. Na poesía o fermoso é o misterio; no xornalismo, a claridade. Porén, é verdade que unha poesía contén máis poesía cá noticia dun xornal, por máis que tentemos facelas o mellor posíbel.

**Os seus poemas son concisos e, afortunadamente, nada revirados. É isto unha escolla estilística consciente ou é herdanza que arrastra precisamente da precisión que esixe a linguaxe xornalística?**

Certo que o xornalismo esixe claridade e concisión, como nos ensinaban nas facultades. Así e todo, non creo que haxa moito de xornalístico na miña poesía. Volvo ao que dicía antes de Suso de Toro: como cazadora-recolectora de poesía ventureira, miro para os camiños, non só para os coidados xardíns, e ao dedicarlle a miña atención, ese mundo devólveme a mirada. A súa fermosura non esixe grandilocuencias: ninguén pode vestir a un paxaro mellor do que o fan as súas propias plumas. Un amigo comentoume que facía unha poesía "máis pop" do que se fai hoxe en día e o meu obxectivo, polo menos con este proxecto fotopoético, é facer unha poesía para todos os públicos, dende netos a avós. E, falando de avós, foron tamén eles os que alimentaron a miña ansia de historias con lendas e contos sempre nunha linguaxe asequíbel, pero vizosa. Tamén Rosalía de Castro é unha das miñas estrelas guía e é omnipresente na miña maneira de entender a poesía como algo popular, ese pop do que falaba, ao alcance de todo o mundo, que non precise da mediación da intelectualidade ou un gran coñecemento previo. Aínda que nestes momentos conciba unha poesía que sexa tan sinxela de ler como beber agua coas mans directamente do río, non creo que teñamos que estar condenados a nos repetir; as persoas mutan e as súas palabras tamén o fan. Se cadra algún día amenzo máis culterana ca conceptista.

**Parece que o libro vendeu ben. Por exemplo, [foi un dos máis vendidos en Numax](#) o ano pasado aínda que se presentou o 28 de setembro, un dos dous poemarios entre os máis vendidos. Para cando o próximo poemario de Carmen Villar Alonso? Terá o mesmo formato de fotopoemas?**

Pasaron dous mil e dous días, e máis, dende que traballo neste proxecto en permanente construción, e pasouseme unha segunda parte pola cabeza, aínda que se cadra o momento oportuno para bises non é este. Polo de agora, decidín manter acesa a miña fiestra diaria á fotopoesía nas redes. Outra cuestión é ata cando. Levo seis anos e medio, se cadra paro en sete. Descoñezo o futuro. Porén, a carón dese paseo apañando as herbas floridas das beiras dos camiños, emprendín unha andaina cara o profundo dunha fraga, a da emigración, que atravesa toda a miña vida e, no fondo, a miña creación, xunto coas viaxes, unha das miñas grandes paixóns. Puiden achegarme, un ano atrás, a Arxentina e tiveron a fortuna de coñecer de preto a diáspora aló e iso, máis outras vivencias no exterior, están a alimentar outro caderno no que prima a palabra. Ademais, como contaba antes, dos meus avós zuguei sobre todo lendas e contos e, nun intento seguramente desatinado de desintoxicarme da poesía que me posúe, ando a cavilar nun volume de relatos. Tiven a sorte de recibir unha bolsa de creación literaria da Xunta para tentar avanzar nel e, en dúas semanas, andarei pola illa de San Simón na procura da inspiración necesaria, aínda que quizabes o espírito da poesía non se deixe desnortar.

**Os de *El Mundo Today* lémbra-nos que o mellor remedio para soportar a depresión posvacacional é coller outras vacacións. Vistas as dificultades de tal alternativa, recoméndenos dous libros, poesía ou non, galega ou non, para capear estas primeiras choivas. Non vale nada morriñento.**

Non andan desencamiñados nesa proposta... A que me fai vostede, en cambio, é complexa. Porque a socialización da educación só foi o primeiro paso; agora estamos a vivir a socialización da creación e florecen os investimentos en cultura. Galicia non é só facedora de versos, como se destaca moito, senón unha comunidade onde medra ben todo, tamén o talento literario. Calquera suxestión sería inxusta porque esquecería nomes e ademais teño certa propensión ao morriñento, xusto o que vostede quere evitar. O que si podo indicarlle é o último libro que lin, "Nós nus", de Olga Novo, e o seguinte que lerei, "Quen precisa unha avoa?", de Andrea Barreira Freije, que acaba de saír do prelo, e tamén asegurarlle que ningún deles é morriñento.